



De conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o citado expediente quedará exposto ó público no departamento de Intervención deste Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

De non presentar reclamacións durante o período sinalado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, en virtude do disposto nos artigos 177.2 en relación co artigo 169.1 do RD Lex. 2/2004 de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Lalín, 28 de xullo de 2011.—O Alcalde, José Crespo Iglesias.

2011007824

* * *

RODEIRO

EDICTO

D. ÁNGEL CORTÉS FERNÁNDEZ, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para **AMPLIACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE**, que se situará en Barrio-Santa Baia.

En cumprimento do disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA— poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Rodeiro, 27 de xullo de 2011.—O Alcalde, Luis López Diéguez.

2011007815

* * *

SOUTOMAIOR

ANUNCIO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de xullo de 2011 aprobáronse as “Bases reguladoras de axuda municipal para o uso do servizo de comedor escolar do CPI “Manuel Padín Truiteiro” para o curso 2011/2012 do Concello de Soutomaior, e para que conste e produza os efectos oportunos, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

BASES REGULADORAS DE AXUDA MUNICIPAL PARA O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CPI MANUEL PADÍN TRUITEIRO PARA O CURSO 2011/2012 DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

BASE I- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O orzamento previsto para o financiamento destas axudas ascende a contía de 10.000€ que se imputará con cargo a partida 231.480 do orzamento prorrogado de gastos do ano 2010 e actualmente vixente.

BASE II-OBXECTO DA SUBVENCIÓN

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións para o uso do comedor escolar ás familias do alumnado do CPI “Manuel Padín Truiteiro”, do Concello de



Soutomaior para o curso 2011/2012. O outorgamento destas subvencións realizarase en réxime de concurrencia competitiva acorde aos criterios recollidos nestas bases.

BASE III. – BENEFICIARIOS/AS. –

Para poder optar a estas axudas, os/as interesadas/dos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser pai, nai ou titor dun/dunha alumno/a matriculado no curso 2011/2012 do CPI referido.
- Que o/a solicitante das axudas e o alumno/a convivan e estén empadroados no Concello de Soutomaior.
- Non ter débedas con ningunha entidade pública.
- Cumprir o baremo económico recollido na Base V (ingresos da unidade familiar).

BASE IV. – PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

A publicación das presentes bases realizarase a través de bandos, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Soutomaior e no Boletín oficial da Provincia.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado no Concello dende o 1 ó 30 de setembro do presente ano. Unha vez rematado o prazo referido admitiranse novas solicitudes no caso de que non se agotaran os fondos destinados a este fin.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa solicitude os/as interesados/as deberán presentar os seguintes documentos:

1. Fotocopia de DNI dos membros da unidade familiar.
2. Certificado de convivencia da unidade familiar.
3. Fotocopia do libro de familia e, no seu caso, do libro de familia numerosa.
4. No caso de alegar non convivencia da parella, é decir, de ser familia monoparental e de que o/a menor este recoñecido/a legalmente por ámbolos pais e non exista matrimonio, aportarse certificado de non convivencia emitido pola policía local.
5. En caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das aportacións por alimentos e/ou compensatorias ou no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.
6. En caso de que as/os menores estén en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, se deberá acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, si é o caso, a cuantía da remuneración.
7. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercizo 2010 de todos os membros computables da familia con obrigaición de declarar.
8. Documentación que xustifique os ingresos do presente ano de todos aqueles membros da unidade familiar que perciban rendas do traballo, pensións, etc.
- No caso de ser pensionistas ou desempregados/as, achegarse certificado do organismo correspondente. No caso de ser autónomo deberá presentar as declaracións trimestrais ao longo do ano.
9. Vida laboral daqueles que formen a unidade familiar, que aleguen estar desempregados e as/os beneficiarios/as dunha pensión de viudez ou de invalidez total.
10. Certificado de prestación por fillo a cargo, de selo caso.
11. Xustificante de aluguer ou préstamo hipotecario.
12. Xustificante da matrícula no CPI M. Padín Truiteiro, do/a alumno/a para o que se solicita a subvención.

BASE V. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes recibidas serán valoradas segundo os seguintes criterios:

1. INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR:

Os ingresos económicos que se computarán serán os dos seis meses anteriores a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Para a concesión de axuda terase en conta, o número de membros e a renda per cápita da familia, partindo do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM ano 2011 = 532,51€).

Os ingresos brutos mensuais non poderán superar o seguinte baremo:

- Unidade familiar de ata tres membros: 1.437,77€ (Renda per cápita o 90% do IPREM).
- Unidade familia de catro membros 1.917,036€ (Renda per cápita o 90% do IPREM).
- Unidade familiar de cinco ou máis membros: 2.396,295€ (Renda per cápita o 90% do IPREM).

2. SITUACIÓN LABORAL-FAMILIAR:

Familias monoparentais na que o/a progenitor/a estea en situación laboral activa: 15 puntos.

Familias onde os dous proxenitores estean en situación laboral activa: 10 puntos.

Familias onde soamente un/ha proxenitor/a estea en situación laboral activa: 5 puntos.

3. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

Familias numerosas 5 puntos.

Familias con algún dos seus membros (pai, nai e/ou fillos/as) cunha discapacidade recoñecida 5 puntos.

O importe das axudas será do 50% do prezo do menú salvo para as persoas que acrediten unha situación de precariedade económica que lles impida sufragar os gastos do custe do servizo, neste caso a axuda será do 100% e a solicitude incluírá Informe social.

No caso de que o importe das axudas solicitadas sexa superior ao crédito existente na partida orzamentaria adxudícaranse as axudas a aquelas familias que teñan a menor renda per cápita e maior puntuación (como resultado de aplicar os baremos da situación laboral-familiar e da situación socio-familiar) ata un máximo de 20 puntos e ata agotar o orzamento asignado a éstas.

NOTA: Entendese por ingreso bruto a efectos destas axudas, todos os ingresos da unidade familiar, descontando no seu caso, o importe do aluguer da vivenda ou a amortización do préstamo hipotecario.

Entendese por renda per cápita a suma de tódolos ingresos que perciban os membros da unidade familiar no ano 2011 dividido entre o número de membros que integren a mesma.

BASE VI. – BAIXA NO SERVIZO

Causará baixa no servizo, previa resolución ao respecto, cando medien unha ou varias das seguintes circunstancias:

- a) A ocultación de información, si ésta condicionou a concesión da axuda.
- b) O mal uso do servizo, entendendo como tal: o mal comportamento no comedor, que impida ou perxudique o desenvolvemento normal da comida e que provoque a expulsión do servizo según as normas do réxime interno do centro escolar para ese servizo.
- c) A alteración das circunstancias que motivaron a concesión.
- d) A inasistencia continuada e/ou intermitente e inustificada ao centro escolar e comedor (límite de 4 faltas no mesmo mes).
- e) O impago de dúas mensualidades correspondentes as familias.

BASE VII. – PROCEDIMIENTO

A xestión do procedemento administrativo para a concesión da axuda levarse a cabo pola Concellería de Educación, á que irán dirixidas as solicitudes para acollerse á presente subvención.

No caso de que se presente a solicitude sen a documentación pertinente requiriráselle nun prazo improrrogable de 10 días, e de non facelo así, desestimarse e arquivarse sen máis trámite o abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

As solicitudes poderán desestimarse polos seguintes motivos:

- Non entregar a documentación esixida polos servizos administrativos.
- Constancia de que os datos presentados son falsos.

Unha vez valoradas tódalas solicitudes pola Concellería de Educación, conforme aos criterios que constan nestas bases, elevarase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local.

O praxo máximo para dictar resolución será dun mes dende a finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Aprobada a proposta, notificaráselle aos interesados/as o resultado da convocatoria. En caso de silencio administrativo entenderase as solicitudes como desestimadas.

**BASE VIII. – FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO
DOS FINS DAS SUBVENCIONS**

Os gastos serán justificados mediante:

- Certificación da ANPA do CPI “Manuel Padín Truiteiro” do uso do servizo, que informe dos días de asistencia e número de menús servidos a cada beneficiario/a,
- Factura ou outros documentos admitidos no tráfico mercantil acordes coa lexislación prevista, expedida pola empresa prestadora do servizo a nome do Concello, indicando:
 - Nome dos alumnos/as beneficiarios/as.
 - N° menús servidos.
 - Prezo unitario do menú (facendo constar o 50% ou o 100% do custe, segundo o caso).
- A xustificación do gasto presentarase no Concello nos dez primeiros días do mes seguinte.

BASE IX. – ABONO DA SUBVENCION

Unha vez comprobados os documentos xustificativos referidos, o Concello procederá a abonar mensualmente o importe da subvención concedida á empresa prestadora do servizo.

BASE X. – COMPATIBILIDADE

Serán compatibles estas axudas con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior o 100%. Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ao Concello todas aquelas axudas solicitadas, as concedidas e o importe das mesmas.

BASE XI. – PROCEDIMIENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIONS PERCIBIDAS

No caso de que con posterioridade ao pago dunha subvención se descubra que os /as beneficiarios/as non se atopan as condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas en concepto de anticipo, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro legal do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar.

DISPOSICIONS FINAIS

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, rexirase polas disposicións xerais recollidas na normativa reguladora das subvencións.



Estas Bases entrarán en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Soutomaior a 29 de xullo de 2011.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo.

2011007838

* * *

TOMIÑO

EDICTO

Formulada e rendida a Conta Xeral, correspondente o exercicio económico de 2010 deste Concello, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de 28 de xullo de 2011; exponse ó público na Intervención desta entidade cos documentos que a xustifican, por prazo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formularse os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Tomiño, 28 de xullo de 2011.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

2011007825

* * *

TUI

EDICTO

Aprobada inicialmente a modificación da plantilla de persoal polo Pleno da Corporación do Concello de Tui, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xullo de 2011, correspondente ó Orzamento Xeral do exercicio 2011, de conformidade co disposto no art. 126.3 do Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, exponse ó público polo prazo de quince días hábiles, o expediente completo, a efectos de que os interesados podan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. No suposto de que durante o prazo de exposición ó público non se presentaran reclamacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada.

En Tui a 14 de Xullo de 2011.—O Alcalde-Presidente, Moisés Rodríguez Pérez.

2011007823

* * *

VILA DE CRUCES

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, o Expediente de Modificación de Anexo de Subvencións en concepto de actividades culturais, deportivas e outras – orzamento 2011, e en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, que comezarán a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo, se poidan presenta-las reclamacións que se estimen oportunas. No caso de non haber reclamacións considerárase aprobado definitivamente.

Vila de Cruces, 28 de xullo de 2011.—O Alcalde presidente, Jesús Otero Varela.

2011007835